



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I01F5	
Código de verificación  140J 4W3V 4N1S 020D 1DC2	Expediente 108/2022/2216	
	Data 05-02-2025	

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 4 de febreiro de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de axudante de comercio interior, da escala de administración especial, subescala de servizos especiais (agrupacións profesionais), derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 16/12/2022, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (BOP núm. 241 do 22/12/2022), nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen que as persoas interesadas presentasen alegacións durante o prazo concedido ao efecto e habendo xustificado os requisitos esixidos na convocatoria, segundo o establecido na base 4 punto 4.2.17 das bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego público. A devandita listaxe terá carácter supletorio da listaxe de agarda de persoal funcionario interino derivada de procesos selectivos convocados dentro da quenda libre ordinaria.

En consecuencia a lista definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de axudante de comercio interior (agrupacións profesionais), está formada pola seguinte relación de persoas:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Puntuación concurso	TOTAL
1	LEMA ALVITE MARTINA	**1824***	16,25	25,00	4,00	45,25
2	RIVERA CARUNCHO PATRICIA	**8627***	16,75	23,50	4,00	44,25
3	FERNÁNDEZ GARCÍA CRISTINA Mª	**1989***	15,63	24,00	4,00	43,63
4	CAAMAÑO ESMORÍS, BEATRIZ P.	**1159***	17,50	21,00	4,00	42,50
5	RUIBAL PIÑEIRO, JOSÉ BENITO	**5457***	15,00	26,00		41,00
6	BRUN PINTOR DAVID	**8509***	16,25	21,00		37,25
7	BARROS PENEDO, JOSÉ GENARO	**8733***	19,38			19,38
8	IGLESIAS JASPE ELENA Mª	**0019***	18,75			18,75
9	MOSQUERA PREGO ANTONIO	**9630***	17,50			17,50
10	ORDÓÑEZ PÉREZ STEPHANIE	**7501***	16,88			16,88
11	AGRA MÉNDEZ SANDRA Mª	**3786***	16,50			16,50
12	LOSADA ÁLVAREZ ALBERTO	**3787***	16,25			16,25
13	DE MIGUEL RODRÍGUEZ AMAYA B.	**6288***	15,88			15,88



Concello da Coruña

Segundo.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña

Terceiro.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada